



Pleno do Consello Escolar Municipal de Vigo

Pleno de Constitución

ACTA

Acta aprobada na Sesión Plenaria do 9/06/2021

Data	24/03/2021		
Lugar	Salón de Actos do Edificio Administrativo do Auditorio “Mar de Vigo” Pranta 4ª, Avda Beiramar nº 59		
Inicio da xuntanza	18:10h (2ª convocatoria)	Fin da xuntanza	19:50h
Asisten	• Presidente, Gorka Gómez Díaz • Vicepresidente: Antonio Vázquez Vázquez • Secretario, Pedro Mª Vázquez Iglesias • Representante da Administración Educativa, Antonio Estévez Rodríguez - Sector docente: • Tania Alonso Soto • Xoan Xosé Santos Costa • Santiago Rodríguez Sánchez • José Manuel Pérez Rodríguez • Miguel Ángel López González - Sector usuarios/as: • Pedro Xosé Castañón Valls • Iria Salvande Lorenzo • Yolanda González Larrañaga • Joel Covelo Gallego • Egoitz Rivas Ibarretxe • Sergio Pico González • Zerihum Luis Feijoo - Sector social: • Pilar Álvarez Rey • María Aurora Alonso Suárez de Miera • Raquel Pérez Fernández • Antonio Vázquez Vázquez • Óscar Álvarez Gallego • Isabel López Lorenzo • Antonia Céspedes Balongo		
Escusan asistencia	• Sector docente: Verísimo Fernando Pazos Pereira • Sector docente: Leonor Gala Torres Sabín		



	- Sector docente: María del Pilar Alonso Gil - Sector docente: Rafael Lestón Vázquez - Sector docente: Juan Ignacio Herrero Álvarez - Sector usuarios: M^a Bertila Fernández Pérez - Sector usuarios: Leticia Caldas Filgueira - Sector usuarios: Alfonso Otero Guinea - Sector Social: José Manuel Rodríguez Lago - Sector Social: Eladio Fernández Pérez
Non asisten	Sector social: José Álvarez Carpintero
Asistencia Técnica	Ana Isabel Castro Davila_Asistencia técnica, regulada no artigo 9.2 do Regulamento de organización e funcionamento do CEMV.

Orde do día

- 1.- Aprobación da acta anterior, se procede.
- 2.- Informe da Presidencia do CEMV.
- 3.- Informe da actividade das comisións de traballo do CEMV.
- 4.- Propostas de mocións:
 - 4.1.- Moción de Santiago Rodríguez Sánchez, Conselleiro polo sector docente CIG-E a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a necesidade dunha nova proposta de zonificación escolar e a creación dun IES en Navia.
 - 4.2.- Moción de Santiago Rodríguez Sánchez, Conselleiro polo sector docente CIG-E a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a situación da Escola Infantil Municipal de Santa Marta situada no entorno do casco histórico.
 - 4.3.- Moción de Santiago Rodríguez Sánchez, Conselleiro polo sector docente CIG-E a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre un estudo de renovacións e/ou ampliacións dos sistemas de calefacción dos centros escolares.
 - 4.4.- Moción de Santiago Rodríguez Sánchez, Conselleiro polo sector docente CIG-E a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre o cambio de denominación do Ceip “Virxe do Rocío” polo Ceip “O Resío”.
 - 4.5.- Moción de Pilar Álvarez Rey, Conselleira polo sector social, representante de directores/as de Ed. Primaria, a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre o aumento do financiamento municipal do programa de “Autoxestión”.
 - 4.6.- Moción de Zerihum Luis Feijoo, Conselleiro polo sector usuarios/as, representante do alumnado, a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a colocación dun paso de peóns semafórico no entorno do CPR



Martín Codax.

4.7.- Moción de Joel Covelo Gallego, Conselleiro polo sector usuarios/as, representante do alumnado, a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a conexión á rede de saneamento do IES Carlos Casares.

4.8.- Moción de Bertila Fernández Pérez, Conselleira polo sector usuarios/as, representante da Foanpa, a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre a necesidade de garantir unha atención educativa na casa de calidade.

4.9.- Moción de Zerihum Luis Feijoo, Conselleiro polo sector usuarios/as, representante do alumnado, a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre a situación do programa municipal de inmersión lingüística “Vigo en Inglés”.

4.10.- Moción de Egoitz Rivas Ibarretxe, Conselleiro polo sector usuarios/as, representante do alumnado, a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre as actividades de ocio, deporte e culturais na cidade para a mocidade.

4.11.- Moción de Antonia Céspedes Balongo, Conselleira polo sector social, representante dos centros de ensinanzas artísticas, a través da Comisión de Equipamentos e de Planificación Educativa sobre a vacinación do persoal docente e administrativo dos centros de ensino artístico municipal de ensinanza non regrada.

5.- Preguntas e suxestións

Intervencións realizadas e acordos adoptados

Antes de iniciar coa orde do día, o Secretario comunica que o Presidente debe ausentarse antes do final desta xuntanza xa que esta coincide cun acto ao que debe asistir. Explica que cando Gorka Gómez abandone a xuntanza, esta proseguirá co Vicepresidente exercendo as labores do Presidente.

Asemade informa de que nas cadeiras se deixou unha carpeta cun material co novo logo institucional do órgano e que este material é para cada un dos presentes.

1.- Aprobación da acta anterior, se procede.

Santiago Rodríguez solicita que se faga unha modificación nunha intervención del. Na páxina 7, no apartado *preguntas e suxestións*, onde di: “Un espírito máis construtivo do que se tivo nos últimos anos”, pide que se retire a última frase deixando só “un espírito máis construtivo”.

Acordo

Acórdase por unanimidade aprobar a acta da Xuntanza Plenaria do 10 de febreiro de 2021 coa modificación solicitada.



2.- Informe da Presidencia do CEMV.

O Presidente explica que, ademais de dar conta do que se está a facer no Concello en materia de educación, quere aproveitar para facer un repaso por tódalas mocións agora, para explicar o seu parecer con respecto a todas elas, posto que debe ausentarse en breve.

Comeza dando os datos do que se fixo na Concellaría nun ano 2020 marcado pola pandemia. Di que se tiveron que replantear as políticas municipais adaptándose ás circunstancias, sobre todo no aspecto sanitario. O orzamento anual da Concellaría de Educación son aproximadamente 15 millóns de euros e deses, máis de 7 se destinan a mantemento, conservación e vixilancia dos centros educativos. Informa de que este ano houbo uns gastos extras que foron as desinfeccións dos centros educativos. A Consellería de Sanidade obrigou aos Concellos a facer esta labor que non é da súa competencia, xa que a desinfección por un motivo sanitario debería asumila a Consellería de Sanidade ou de Educación, perotivo que asumila o Concello e houbo que facer unha modificación no contrato de máis de 600.000€ para facer fronte a esta desinfección específica dos centros educativos. A maiores, durante a pandemia fíxose unha inversión en equipos informáticos para dotar ao alumnado que non tiñan as ferramentas necesarias para seguir co ensino desde as casas durante o confinamento. Ademais di que colaboraron cos centros educativos para adaptar por exemplo os patios á nova situación, dividíndoos para separar grupos... Houbo programas que tiveron que suspender como a *Coñece o teu Concello* e algún programa didáctico máis que non se puido levar adiante. Destináronse máis de dous millóns de euros ao programa Vigo en Inglés, e aínda que hai unha moción sobre o tema, xa lles adianta que desde o Concello están traballando para que tódolos mozos e mozas que non puideron participar, o poidan facer, este ano se se puidera e senón o ano que vén. Comenta que tamén se destinaron 250.000€ a EMAO e que coa UNED se ten un convenio de máis de 200.000€. En canto ao ensino non regrado (ETRAD, Escola de Danza, Escola de Teatro e Escola de música), explica que lle destinan máis de un millón de euros anuais.

En canto a obras explica que non quixeron parar a actividade, xa que hai moitísimas carencias nos centros educativos da cidade. Xa levan presentado moitísimas mocións no Pleno solicitándolle á Xunta que acometan as obras que son da súa competencia e fagan unha renovación integral dos centros públicos, que a maior parte teñen máis de 50 anos e están nun estado lamentable. Di que na última moción se propoñía recuperar un plan que se propuxera no ano 2009 e que pasaba por que a Xunta fixera unha renovación integral progresiva anual, e na última moción pediuse que se investiran 40 millóns de euros en sucesivos anos, que pouco a pouco se acometera esa reforma integral. A situación precaria dos centros está ademais obrigando ao Concello a investir unha cantidade de diñeiro en obras de reformas, que non son competencia desta administración, xa que van moito máis alá do que son obras de conservación e mantemento. Este mal estado incluso fai que o diñeiro que se dedica ao mantemento sexa maior, xa que as instalacións teñen unha vida útil



e cando esta chega ao seu fin o que corresponde é facer unha renovación, non intentar parchear co mantemento. Informa de que este ano se dedicaron 750.000€ a obras, e máis do 60% do investido foi para obras que serían competencia autonómica: renovación de baños, cubrición de patios, cambio de chans en aulas... Di que desde o Concello entenden que os centros educativos se dirixan en primeira instancia a eles, xa que son a administración máis próxima, e que eles reciben as peticións de bo agrado, pero explica que o que fan primeiro é remitilos á administración competente, e se a Xunta non fai o que debe entón o Concello actúa na medida das súas posibilidades.

Comunica que se continúa coa cubrición de patios escolares, que este ano é probable que se actúe no CEIP Balaídos, CEIP Pintor Laxeiro, EEI Vila Laura e CEIP Frián. En canto ás Escolas Infantís informa de que o pasado luns se abriu o período de solicitude de praza nestas escolas, con máis de 675 prazas, e que se lle dedican ás 9 escolas mais de 2 millóns de euros. Aproveita para salientar que desde o ano 2012 este Concello fixo 5 escolas municipais para suplir a falta de prazas públicas nesta etapa e posto que a Xunta de Galicia, que ten a competencia, non as fai. Quere recalcar que cando se lles reclama desde algúns partidos da oposición ao Concello que fagan máis escolas infantís non se ten en conta que non é competencia desta administración dar este servizo. Ademais é incongruente que esas reclamacións veñan por parte de partidos da oposición que gobernan noutras cidades e nestas non fixeron nin unha Escola deste tipo. Pon o exemplo de Pontevedra, cidade na que goberna o BNG desde fai anos e que non teñen nin unha escola infantil municipal alí e logo, ese mesmo partido, ven a reclamarlle ao Concello de Vigo que as faga, pensa que é canto menos estraño.

Pasa agora a comentar as diferentes mocións que se presentan. En canto á que expón a necesidade dunha nova proposta de zonificación escolar e a creación dun IES en Navia, di que está totalmente de acordo. É unha petición que se leva facendo tempo, tanto desde este órgano colexiado coma desde o Concello, e que por agora o único que se conseguiron foron promesas incumpridas. En canto a da EI Santa Marta, explica que se trasladará como saben á Praza da Industria, que a primeira intención foi trasladala ao Picacho pero a proposta non foi aceptada pola Xunta por unha decisión política, xa que se anunciou a negativa previamente á emisión do informe dos técnicos. Di que o Concello se ofreceu a asumir tódalas obras necesarias para reestruturar o espazo pero que aínda así non o aceptaron, e pensa que houbera sido unha moi boa idea xa que o centro conta con moito espazo baleiro e estaríase cumprindo coa nova lei educativa que fala da integración paulatina da etapa de 0-3 nos centros educativos. Explica que o proxecto da nova escola na Praza da Industria xa está encargado e que, unha vez licitadas, as obras se estima que durarán 3 ou 4 meses. Logo xa só faltarán os permisos da Xunta para o traslado. Comenta que xa se sacaron as prazas para esta o luns e que a reclamación que facían as familias e mestras era que se abriera matrícula para 0-1 anos e atendeuse a esta petición abrindo matrícula nesta etapa e dando a posibilidade de renovar ao alumnado que xa estaba ca escola en 1-2 e 2-3. Nas normas infórmase de que vai a haber un traslado á Praza da Industria en canto as obras se rematen e



cando se teñan os permisos oportunos da Xunta de Galicia para facer a apertura. En canto o traslado sexa efectivo, abrírase un prazo extraordinario para cubrir as prazas que faltan. Aos pais que non queiran trasladarse á Praza da Industria daráselles prioridade para que escollan outro centro na Rede de Escolas Municipais. Ademais explica que se van a reservar prazas por se houbera algunha circunstancia excepcional no traslado, para garantirlle o servizo ás familias. Explica que se abriu a nova escola de Bembrive, que ten dobre liña, que sae con 82 prazas en xornada continua.

Sobre a moción solicitando a renovación e/ou ampliación dos sistemas de calefacción dos centros escolares explica que os centros en moitos casos están en situación crítica. Di que nese ano tiveron problemas graves coas calefaccións do CEIP Otero Pedraio e CEIP Escultor Acuña. En ambos casos fixeron un estudo das caldeiras e atopáronse con que tiñan 50 anos, e a conservación e mantemento de caldeiras tan vellas non é sinxela. O que pasou co CEIP Otero Pedraio foi que se estragou o queimador e cando se dirixiron ao distribuidor para mercar esta peza, pese a que este tipo de investimento lle correspondía á Xunta, atopáronse con que estaba descatalogada, e houbo que buscala no estranxeiro. Alí deron prazo de entrega dun mes, o que é moito tempo tendo en conta o frío que facía e que ademais este ano as ventás deben manterse abertas. Desde o centro pedíronlle á Consellería de Educación que fixeran un estudo da caldeira, xa que era obvio que estaba rematando vida útil da mesma. A día de hoxe, cun novo queimador, é probable que tire uns anos, pero isto non implica que se deba ir pensando en substituíla xa que fallará por outro lado. E isto pasará co resto dos centros, que teñen a maioría sobre 50 anos, e precisan dunha renovación integral das instalacións, a cal implicaría facer un estudo e unha inversión de capital importante, e parece que a Xunta non está pola labor. Sen embargo nos últimos días anunciouse unha renovación integral dos centros educativos de Lalín, Sanxenxo, Mos,... concellos todos eles gobernados polo mesmo partido político. Di que lle parece ben que o fagan neses Concellos, pero que o normal é ver tamén as necesidades que teñen os centros de Vigo, a cidade de Galicia con máis centros educativos. Explica que xa non se pode seguir facendo arranxos e apaños, que chegou o momento de que se invista en renovar os centros, e di que para esta administración local suporía incluso un importante aforro, porque o pésimo estado no que están hoxe en día os centros fai que se teña que investir máis da conta en mantemento.

En canto a moción solicitando a instalación dun paso de peóns semaforico no entorno do CPR Martín Códax, di que xa fixeron a solicitude fai tempo ao Ministerio de Fomento. Explica que non é unha carreteira local e por iso non poden actuar directamente. De tódolos xeitos apoia a moción porque é consciente de que é moi necesario este paso de peóns. En canto a moción sobre o diñeiro de Autoxestión, comenta que este ano, como xa dixo, se incrementou o gasto en obras, e di que hai que calibrar este gasto coa partida de autoxestión, xa que ao aumentar o gasto en obras non cre que se poida aumentar este diñeiro. Si é certo que non aumentou nos últimos anos, pero tamén pide que se teña en conta que son dos poucos Concellos que teñen esta partida, e que esta non se aumente non



implica que non se invista desde o Concello nos centros educativos da cidade, senón todo o contrario, estase facendo un investimento moi grande. O que si se pode revisar ao mellor son os criterios que se seguen para adxudicar esta contía, a forma na que se distribúe. Manifesta estar disposto a sentarse coas direccións dos centros e revisar os criterios.

En canto á moción acerca do saneamento do IES Carlos Casares, comenta que estivo vendo o caso e parece ser que non é competencia municipal, pero que en todo caso o ten que corroborar coa área responsable deste tema, e que en canto saiba algo que o comunicará. No que se refire á moción de Foanpas solicitando que se garanta unha atención educativa na casa de calidade pensa que é moi acertado presentala e máis agora, neste momento. Cre que hai que dotar ás familias e nenos de tódalas ferramentas para a teledocencia, pero tamén ao profesorado, que debe recibir todo o apoio e formación para desempeñar o seu traballo de xeito correcto.

Sobre a moción das Escolas Artísticas Municipais acerca da vacinación, di que ve totalmente razoable a petición pero que desde o Concello en todo o que se refire aos criterios sanitarios e cuestións referidas ao Covid19, están a disposición da Consellería de Sanidade e seguen tódolos criterios que esta marque.

En canto ao cambio de nome do CEIP Virxe do Rocío por CEIP do Resío, di que é unha petición que xa se fixo fai ano e medio e que desde o Concello non consideran relevante este cambio polo que xa se comunicou ao centro e non se vai a atender.

Sobre a moción que presenta Egoitz Rivas acerca das actividades de ocio, deporte e culturais na cidade para a mocidade di que lle parece moi interesante. O Presidente comenta que el mesmo sempre foi un rapaz moi participativo e vinculado ao mundo asociativo e por iso lle encanta ver que a mocidade se implica neste órgano consultivo. Di que lle parece unha moi boa petición e que todo o que sexa aportar ideas novas que lles axuden a marcar o camiño ou a mudar cousas que non funcionan, é ben recibido. Están encantados de que aporten e que eles sempre os van a escoitar para incorporar as súas peticións ás políticas municipais.

O Presidente, feito o repaso polas mocións, propón que, como aínda ten tempo ata o momento no que debe ausentarse, se continúe coa orde do día e que cando el teña que ausentarse o substituirá o Vicepresidente.

3.- Informe da actividade das comisións de traballo do CEMV.

INFORME DA COMISIÓN DE EQUIPAMENTOS E PLANIFICACIÓN EDUCATIVA

Santiago Rodríguez, como Presidente da Comisión, presenta o informe:

Recomezado o curso 20/21 tras o paréntese causado pola situación sanitaria, esta Comisión



desexa insistir no carácter **participativo** que caracteriza e debe constituír o principal fundamento deste Consello Escolar Municipal, de forma que poidamos ser un **foro democrático** onde todas as voces e asuntos educativos poidan ser escoitadas, analizados e debatidos. Participación efectiva da Comunidade Educativa do concello que pretende, en función do carácter **consultivo** do Consello Escolar Municipal, ser tida en conta na actuación das administracións educativas no ámbito do noso concello.

Neste sentido damos a benvida ás novas **incorporacións** e alegrámonos especialmente pola recente incorporación da seiva nova que trae e xa está manifestando a **mocidade** da nosa comunidade educativa, e a quen desexamos longa e exitosa traxectoria nesta andaina colectiva, porque vitalidade non lles ha faltar.

Neste reinicio, retomamos vellos temas non resoltos e procuraremos achegar todos aqueles asuntos da nosa competencia que sexamos quen de recoller. Por agora estamos en tratamento dos seguintes:

- Zonificación e instituto en Navia
- Cambio de denominación do CEIP Virxe do Rocío
- Seguridade viaria
- Proceso de vacinación
- Autoxestión, mantemento e renovación das instalacións e equipamentos
- EEI Santa Marta

INFORME DA COMISIÓN PEDAGÓXICA E DE INNOVACIÓN EDUCATIVA

Ante a ausencia da Presidenta da Comisión, Antonio Vázquez presenta o seguinte informe:

A sociedade do futuro vai demandar solucións ás novas necesidades que, paso a paso, se van presentando sen chamar á porta.

A educación vai ser a ferramenta máis potente coa que van contar as persoas que van xestionar estes tempos vindeiros. Falando deses xestores e xestoras, pouco nos decatamos que están ao noso carón, nas nosas casas, escolas, clubs deportivos.

Realmente somos conscientes que teñen moito que dicir, que aportar, que decidir estes mozos e mozas que actualmente están a exercer como estudantado? Pois, se non o facemos, estamos a hipotecar o seu futuro e tamén a perder unha oportunidade de facelas partícipes na toma desas decisións que lles poden afectar ás súas vidas.

É por isto que a Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa establece como Plan de traballo desta nova andaina de catro anos, a andaina polas corredoiras cara a ese tempo non tan afastado, facendo do CEMV o foro da educación presente e para o futuro, motivando esa participación e programando actos nese sentido. Así pois, pretendemos que as próximas Xornadas que emanen desta Comisión, xiren en torno ao papel do estudantado nas comunidades educativas, á participación activa nos consellos escolares dos centros e no propio CEMV. Para isto solicitamos o compromiso deste órgano colexiado, do seu



Presidente e demais membros, e a colaboración do Concello de Vigo.

4.- Propostas de mocións:

4.1.- Moción de Santiago Rodríguez Sánchez, Conselleiro polo sector docente CIG-E a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a necesidade dunha nova proposta de zonificación escolar e a creación dun IES en Navia.

ANTECEDENTES:

O Consello Escolar de Vigo desexa reiterar unha vez máis a necesidade de acometer un proceso **público e participativo** de reforma e actualización da **zonificación** escolar do concello de Vigo. Esta tarefa é responsabilidade da Xefatura Territorial da Consellaría de Educación que, ademais, ten a obriga de oír a este Consello, órgano de representación e participación da comunidade educativa, para calquera actuación que afecte ás adscricións e áreas de influencia dos centros escolares (orde 12/03/2013 de admisión, art. 3 e 8).

Desde que no ano 2017 a Xefatura Territorial anunciara unha nova zonificación pasaron moitas cousas, mais permanecen as mesmas necesidades: o IES de Navia, a falta de centros públicos no casco urbano, a necesidade de redistribución, potenciación e aproveitamento dos centros públicos con base na proximidade e nunha axeitada rede de servizos complementarios, a ausencia de participación, a desaparición de unidades e centros públicos.

TEXTO:

O Pleno do CEMV resolve:

1. Instar á Xunta de Galicia, a través da Consellaría de Educación e a súa Xefatura Territorial, a acometer un proceso participativo e dialogado para unha axeitada **zonificación escolar** no concello de Vigo.
2. Instar á Consellaría de Educación e ao Concello de Vigo a desenvolver todas as súas capacidades de actuación para que a Xunta de Galicia materialice a efectiva **potenciación do ensino público** en Vigo, incluída a creación dun **instituto de ensino secundario en Navia**.
3. Solicitar ao Concello de Vigo unha moción do Pleno municipal na que se lle presente á Xunta de Galicia a previsión de chan de uso socioeducativo de Navia, e na que se lle soliciten os datos do proceso de admisión dos diferentes centros educativos de Vigo (prazas, solicitudes e matriculacións por niveis e centro).

Santiago Rodríguez di que sobre este tema xa teñen levado varias mocións pero como non



hai resposta por parte da Administración se ven na obriga de reitalalo. As últimas noticias que teñen é que a zonificación está paralizada debido á pandemia, pero ten que activarse de inmediato porque é imprescindible para a cidade. Antonio Vázquez comenta que, ante as preocupantes noticias que saíron na prensa local sobre problemas que poden presentarse no que se refire ao número de prazas en 1º da ESO e Bacharelato, parece claro que o que se pide na moción cada vez urxe máis. De feito unha das razóns que daba a Consellería para non acometer a zonificación e o IES de Navia era que o alumnado de Navia se podía acoller perfectamente no de Valadares pero, segundo din as noticias, este último xa está cheo. Mª Aurora Alonso, como representante dos directores dos centros de secundaria, comenta que o problema que teñen nalgúns centros é xustamente o contrario, o que lles falta en 1º da ESO é alumnado. Di que ela non dubida que para os pais da zona de Navia non sexa importante facer alí un centro, próximo a onde viven, pero di que hai centros na cidade como o que ela dirixe, IES A Guía, ou o IES de Teis que poderían acoller perfectamente alumnado. Explica que no dela teñen dous primeiros da ESO con 15 alumnos e que en Bacharelato van cubrindo prazas porque lles chega alumnado a Comisión de escolarización. Que se saturan algúns centros pero que outros están infrautilizados. Santiago di que a moción o que pretende é que se reactive o proceso de elaboración dun novo documento de zonificación. Informa de que no seu momento desde o CEMV se fixeron propostas no sentido de que esta debería facilitar a redistribución do alumnado en función dos centros que existen, pero iso non quita que un núcleo de poboación como o de Navia non precise deste equipamento. Antonio Vázquez di que como antigo director do IES de Teis, que o foi durante 15 anos, coñece de primeira man a situación e o que pasa alí é unha proba máis do que pasa cando a planificación educativa se fai mal. Aclara que a planificación actual é do ano 86 e que el naquel ano se tomou unha decisión que agora se está sufrindo. Daquela, como non había maneira de meter nos centros públicos todo o alumnado do centro da cidade, é mais, era a época onde algún centro de Vigo tiña dobre quenda, tomouse a decisión de facer dous centros, Rosais I (actual ROU) e Rosais II no centro da cidade. E había cousas tan flagrantes coma que o único centro que tiña adscrito o actual ROU era o alumnado do Picacho. Todos estes problemas só teñen unha solución, e é que se faga unha nova zonificación, un mapa escolar ben pensado. O de Navia é só a punta do iceberg, pero hai moitos problemas: o problema dos dous centros de Teis, o problema do IES de Beade, o problema de certos centros da cidade cos bacharelatos masificados porque teñen que acoller ao alumnado dos centros concertados e que solucionan o problema eliminando unidades da ESO, o problema do IES Alexandre Bóveda que chegou a ter liña 6 sendo de liña 4... Estes problemas veñen de non ter feito un mapa escolar que é o que precisa a cidade. Pilar Álvarez comenta que ela é directora dun centro da zona 10, a de Navia e pensa que as cousas hai que pensalas ben. Explica que os centros de Ed. Infantil e Ed. Primaria desta zona, e das limítrofes, están tendo problemas de matrícula porque nun momento dado se ampliou un centro en Navia, creando máis unidades das que se precisaban e agora absorbeu ao alumnado de moitos centros dos arredores que eran máis pequenos, que están tendo problemas de matrícula. Ela di que entende que é cómodo ter un Instituto en Navia pero ao



mellor creándoo o que se fai é baleirar outros centros, como se fixo cos centros de Primaria. Está de acordo con que hai que facer unha zonificación pero iso é unha cousa e a construción do IES en Navia é outra, porque ao mellor acábase desvestindo un santo para vestir a outro. Pensa que o que primeiro debe facerse é un estudio pormenorizado da situación, para ver se realmente se necesita construír ese novo IES. O Presidente comenta que a previsión de crecemento de Navia é moi grande, e que de feito está previsto que nun futuro próximo se constrúan vivendas para 6000 persoas máis, e iso fai que se vaian a necesitar todo tipo de servizos, e un destes claramente é un Instituto. Ademais hai terreos municipais para facer este equipamento. Para el non ten ningún sentido desprazar ao alumnado ata Valadares podendo facer un IES que é necesario e que no futuro o será máis aínda.

Chegando este punto e sendo o Presidente comunica que se ten que ausentar e que ocupará o sei posto Antonio Vázquez. Yolanda González diríxese ao Presidente antes de que abandone a sesión para recriminarlle que usara o móbil durante o tempo que se estiveron debatendo as mocións. Di que lle parece unha falta de respecto cara os presentes e sobre todo tendo en conta aos catro menores representantes do alumnado. Pensa que lles está dando moi mal exemplo. Gorka descúlpese e dille que o terá en conta, e explica que tivo que estar pendente do móbil debido a axenda que ten para ese día tan axustada, que lle supón unha actividade no móbil extra. Sendo as 19:00h. abandona a sesión O Presidente e Antonio Vázquez ocupa o seu lugar.

Antonio Vázquez prosegue o debate da moción e, con respecto á última intervención de Pilar, explica que o CEMV leva estudado nos últimos anos o tema da zonificación e pensa que hai base para pedir un IES en Navia. Explica que o alumnado de Navia en principio estaba adscrito ao Álvaro Cunqueiro e ao Alexandre Bóveda. Este último foi medrando ata que xa non cabía ninguén máis e aínda así o alumnado de Navia tivo que saír a Valadares. Di que neses centros a matrícula de bacharelato está desmadrada, ata o punto que o ano pasado había en Teis alumnado de Navia. En canto a Ed. Primaria hai que facer moitas análises, primeiro que o Celso Emilio Ferreiro, era un centro onde había ESO e Primaria, e que a Consellería se empeñou en cambiar. Segundo, que desde a Consellería se está potenciando un centro privado concertado da zona que aumentou o número de unidades en Primaria hai 4 ou 5 anos. Di que pensa que non se lle pode dicir ao Consello Escolar Municipal que non fixo un análise en profundidade. É mais, di que nos últimos 20 anos é a primeira vez que desde un Consello Escolar municipal se lle fai unha proposta de zonificación á Consellería, cando non é a súa responsabilidade. E dous anos despois, a Consellería de Educación segue sen responder a esa proposta, nin fai outra diferente. Di que hai que mirar a matrícula en IES Valadares, en Alexandre Bóveda, en Álvaro Cunqueiro e incluso en Coruxo para ver o problema de escolarización que vai a haber nos próximos anos, máis aínda se Navia medra. Santiago, contestando a Pilar, di que precisamente desde este órgano se elaborou unha lista de criterios que deberían seguirse á hora de abordar a zonificación, e que un deles era precisamente a redistribución en función dos recursos e da poboación escolar, de forma que centros infrautilizados pasasen a ter un maior



aproveitamento. Xa para rematar, Santiago pregúntalle a Antonio Estévez, como representante da Consellería de Educación, se ten algunha nova ao respecto. Antonio Estévez pensa que si está xustificado que se cree o IES de Navia, pero informa de que este xa está planificado e asumido por parte das dúas administracións. Pensa que están na fase de que se formalice a cesión dos terreos para que quede a pelota nas mans da Administración Educativa para que faga o proxecto e o execute. Cre que xa non ten sentido que se demande este centro porque xa é público que se vai facer. En canto á zonificación, cre que tampouco hai dúbidas de que é necesaria, pero a cuestión é que nunca vai estar a gusto de todos. Lembra que houbo un borrador de proposta moi traballado, que pensaban que arranxaba, senón todos os problemas, moitos deles e que houbo un rexeitamento parcial a esta proposta. O que está claro é que a zonificación actual non ten sentido, está chea de incongruencias. Vendo que había unha proposta di que lle preguntou ao Xefe Territorial e que este lle dixo que ía a continuar coas reunións, que lle dixo incluso que tiña unha prevista con Foanpas, e que se retomaría esta cuestión. Santiago responde que, se está asumida a creación do IES de Navia, terá que haber algún paso máis, uns orzamentos ou algo. Antonio Estévez explica que agora entende que o seguinte paso a dar é a formalización da cesión dos terreos por parte do Concello, ao que Santiago di que neste foro sempre se escoitou que para que se realice esta cesión ten que haber unha petición desde a Consellería e unha dotación orzamentaria. Di que na moción precisamente o que lle piden ás dúas administracións é que dean os pasos precisos para que se materialice. Que a eles lles dá igual quen dea o primeiro paso, pero é preciso que se avance.

Acordo

Apróbase a moción sobre a necesidade dunha nova proposta de zonificación escolar e a creación dun IES en Navia con 19 votos afirmativos e 1 negativo.

2.2.- Moción de Santiago Rodríguez Sánchez, Concelleiro polo sector docente CIG-E a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a situación da Escola Infantil Municipal de Santa Marta situada no entorno do casco histórico.

ANTECEDENTES:

A EEI Santa Marta é unha das escolas municipais do primeiro ciclo de educación infantil do concello de Vigo, con tres unidades totais de cero a tres anos. Está situada no entorno do casco histórico nun emprazamento que forma parte do proxecto de reurbanización do Barrio do Cura.

A Alcaldía anunciou o derrubamento parece que con carácter de urxencia por seguridade e sen que se explicase a motivación desa urxencia e sen informes técnicos que a xustifiquen nestes momentos. As alternativas de traslado apuntadas pola Alcaldía parece que non se refiren ao ciclo completo e presentan dificultades de materialización polos usos actuais e a



configuración e capacidade dos propios edificios.

A Concellaría de Urbanismo manifestou no Consello da Xerencia de Urbanismo que non hai ningunha solicitude de tramitación de licenza de obra no Barrio do Cura nin anunciou ningunha previsión de prazos. Indicou que o convenio de reurbanización do Barrio do Cura inclúe a cesión de dunha nova sede para escola infantil.

No Pleno do Consello Escolar Municipal houbo preguntas sen que se achegase maior información.

TEXTO:

O Pleno do CEMV resolve instar ao Concello a:

- Dar continuidade ás tres unidades do ciclo completo da EEI Santa Marta sen interrupción garantindo a matriculación nas tres unidades.
- Manter a EEI Santa Marta no seu actual emprazamento en tanto non se constrúa a escola prevista no Barrio do Cura.

Santiago Rodríguez explica que desde que se presentou a moción na Xuntanza da Comisión Permanente se produciron cambios substanciais, que comentou antes o Concelleiro, que fan que deban cambiarse algúns aspectos do texto. Unha das cousas que se pedía é que se abrixa a matrícula no primeiro nivel, 0-1, xa que estaba no aire se se ía a incluír. Como finalmente xa se abriu, pensan que debe modificarse a moción antes de votala xa que ese punto xa non tería sentido. Así pois di que se elimina ese primeiro punto e parte da fundamentación que está afectada por este cambio. Ademais, como xa dixo o Gorka, ábrese a matrícula a 0-1 pero limítase nos outros niveis ao alumnado que xa estaba na escola. Tendo en conta estes últimos cambios, Santiago considera que é preciso modificar a moción e propón que se vote co seguinte texto:

ANTECEDENTES:

A EEI Santa Marta é unha das escolas municipais do primeiro ciclo de educación infantil do concello de Vigo, con tres unidades totais de cero a tres anos. Está situada no entorno do casco histórico nun emprazamento que forma parte do proxecto de reurbanización do Barrio do Cura.

O Concello anunciou o derrubamento parece que con carácter de urxencia por seguridade, sen que explicase a motivación desa urxencia e sen informes técnicos que a xustifiquen nestes momentos. Finalmente, comunícase a decisión de trasladar a Escola, a 1,5 km. da ubicación actual, coas súas tres unidades, ao edificio do Instituto Municipal de Educación, onde reside o Centro de Formación e Recursos que atende a todo o profesorado e centros educativos do sul da provincia, o que obriga ao seu desaloxamento.



A Concellaría de Urbanismo manifestou no Consello da Xerencia de Urbanismo que non hai ningunha solicitude de tramitación de licenza de obra no Barrio do Cura nin anunciou ningunha previsión de prazos. Indicou que o convenio de reurbanización do Barrio do Cura inclúe a cesión dunha nova sede para escola infantil.

A conxelación das vacantes de 1 e 2 anos e a previsión de reubicación provisional do alumnado durante o traslado, unido á posibilidade de finalización da xestión pola actual empresa adxudicataria, seguen creando incertidume no persoal da escola e nas familias.

TEXTO:

O Pleno do CEM resolve instar ao Concello a:

Manter a EEI Santa Marta-Casco Vello no seu actual emprazamento en tanto non se constrúa a escola prevista no Barrio do Cura, evitando a reubicación do alumnado, e garantindo a continuidade dos servizos educativos, tanto da Escola Infantil como do Centro de Formación e Recursos.

Estando o Pleno de acordo coa a modificación do texto da moción, provocada polos acontecementos recentes, procédese á votación do texto modificado.

Acordo

Apróbase a moción sobre a situación da Escola Infantil Municipal de Santa Marta situada no entorno do casco histórico con 14 votos afirmativos e 6 abstencións.

2.3.- Moción de Santiago Rodríguez Sánchez, Conselleiro polo sector docente CIG-E a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre un estudo de renovacións e/ou ampliacións dos sistemas de calefacción dos centros escolares.

ANTECEDENTES:

O mantemento dos Centros públicos de Infantil e Primaria corresponde aos Concellos, a creación e xestión das súas infraestruturas e servizos educativos son competencia da Consellaría de Educación. As beneficiarias do servizo resultante de dita conxunción son as persoas e familias usuarias e o conxunto da cidadanía, quen ademais son a fonte de financiación a través dos impostos.

A idade das edificacións e infraestruturas dos centros educativos de Vigo é en moitos casos de entre trinta e cincuenta anos. Chega un momento en que a pesar do correcto mantemento cómpre renovar. Isto é de aplicación tanto ás instalacións de todo tipo como ás infraestruturas determinantes das condicións de habitabilidade e confort dos centros.

A Concellaría de Educación posúe un informe técnico exhaustivo sobre as instalacións e equipamentos de hai algúns anos que sería conveniente revisar.



Neste curso, e de forma agravada polas necesidades de maior ventilación, rexistráronse graves deficiencias nos sistemas de calefacción que dificultaron notabelmente a estancia do alumnado e o desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.

Xa é debate vello e repetido en cada caso a quen corresponde a competencia e responsabilidade na resolución dos problemas que inevitabelmente se presentan, mais non é admisíbel que os centros e alumnado padezan situacións indignas.

TEXTO:

O Pleno do CEMV resolve:

1. Instar ao Concello de Vigo, como parte responsábel do mantemento e interesada na renovación de posíbeis infraestruturas caducas, a acometer un estudo preventivo do estado das instalacións e en concreto dos sistemas de calefacción e estanquidade dos centros escolares.
2. Instar á Xunta de Galiza, como parte responsábel da creación e renovación de infraestruturas e equipamentos e interesada na renovación de posíbeis instalacións caducas, a acometer un estudo e ás renovacións/ampliacións correspondentes e en concreto dos sistemas de calefacción e estanquidade dos centros escolares.
3. Instar ao Concello e á Xunta, como responsábeis dos servizos que a comunidade educativa recibe, á máxima coordinación e eficiencia na prestación do servizo educativo e as súas necesidades.

Santiago di que ao final os centros educativos son o resultado da interacción de dúas administracións, e lembra que sería desexable que houbera esa coordinación e esa eficiencia conxunta que tanto se leva demandado.

Acordo

Apróbase por unanimidade a moción sobre un estudo de renovacións e/ou ampliacións dos sistemas de calefacción dos centros escolares .

2.4.- Moción de Santiago Rodríguez Sánchez, Conselleiro polo sector docente CIG-E a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre o cambio de denominación do Ceip “Virxe do Rocío” polo Ceip “O Resío”.

ANTECEDENTES:

O CEIP Virxe do Rocío iniciou no ano 2012 un proceso participativo que conduciría



finalmente ao cambio da súa denominación, coa aprobación do claustro e do Consello Escolar.

Finalmente pola súa parte, o 27 de abril de 2017 o colexio dirixiu ao Concello unha solicitude de informe favorábel sobre o nome elixido, CEIP O Resío, recuperando o microtopónimo orixinal, documentado até a década de 1950.

Da solicitude, con fundamentación documentada anexa, enviou copia á Alcaldía, Educación e Normalización sen que se recibise o informe solicitado, que non pode ser outro que favorábel, á vista da xustificación e do consenso acadado na comunidade educativa, para poder continuar coa tramitación do cambio de denominación. O topónimo consta tamén nos estudos toponímicos da Universidade de Vigo e da propia Concellaría de Normalización Lingüística de Vigo.

O Pleno deste Consello Escolar Municipal aprobou por unanimidade e solicitou ao Concello de Vigo a emisión de informe favorábel ao cambio de denominación pola de CEIP O Resío o 20 de xuño de 2018.

TEXTO:

O Pleno do CEMV insta ao Concello de Vigo a emitir informe favorábel sobre o cambio de denominación do CEIP Virxe do Rocío para CEIP O Resío, no prazo máis breve posíbel, por respecto tanto á decisión adoptada pola Comunidade Educativa do colexio coma á tradición e restitución da toponimia do concello.

Aínda que non se cita na moción, Santiago lembra que este é un centro público, e que o nome “Virxe do Rocío” ten unhas connotacións relixiosas, confesionais, moi claras. Di que antes o Concelleiro comentou que non era un tema relevante, pois precisamente se non é relevante non entenden porque a negativa a emitir este informe favorable que está máis que xustificado.

Acordo

Apróbase a moción sobre o cambio de denominación do Ceip “Virxe do Rocío” polo Ceip “O Resío” con 19 votos a favor e 1 abstención.

2.5.- Moción de Pilar Álvarez Rey, Conselleira polo sector social, representante de directores/as de Ed. Primaria, a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre o aumento do financiamento municipal do programa de “Autoxestión”.

ANTECEDENTES:

Os centros educativos recibimos a aportación de Autoxestión, vital para o mantemento dos colexios. Nos últimos anos esta dotación orzamentaria non variou, sendo sempre a mesma. Neste momento, os gastos dos centros aumentaron, tendo que asumir arranxos que antes



facía o Concello, como por exemplo a poda.

Desde o 2012 recibimos os cartos pasado o primeiro trimestre, quedando os primeiros meses de cada ano sen cartos para arranxar danos, pequenas obras de mantemento...

TEXTO:

Polo exposto, proponse:

- Que se aumente a dotación de Autoxestión para os centros e que veña en tempo, posto que no 1º trimestre do ano non teñen cartos desta partida para arranxos de mantemento nos colexios.

Sendo as 19:36h. abandona a sesión Pedro Xosé Castañón.

O Secretario explica que se ven de aprobar na Xunta de Goberno Local do 12 de marzo o ingreso de autoxestión deste ano, que son preto de 300.000€. Di que este ano os centros xustificaron con antelación as contas do ano anterior polo que se puido instruír o expediente rápido. Si que é certo que é unha cantidade que leva uns anos conxelada, e se cadra, tal e como comentou antes o Presidente o que poden facer desde a Asociación de Directores e estudar os criterios que se usan para distribuír a asignación do diñeiro do programa, que é posible que algún estea obsoleto, ou paga a pena incorporar outro criterio. Explica que a partida de mantemento é de 600.000€, a metade dedicada a autoxestión e a outra metade ás intervencións que se fan directamente desde o Servizo de Educación atendendo ás prioridades de mantemento ordinario preventivo que poidan xurdir nos centros. O que pasa e que se aumenta a partida de autoxestión, isto vai en detrimento da outra partida. O ideal sería que se puidese incrementar, pero sempre tratando de manter un equilibrio. Pilar explica que a moción vén por parte da Asociación e que unha das cousas que se comentaron nesta foi que lle parecía unha partida insuficiente para un Concello como Vigo. Di que aínda que se destinen cartos ás obras de centros que están en moi mal estado, hai moitos centros en Vigo que están ben e que precisan deses cartos de mantemento para seguir téndoos tan ben coidados.

Acordo

Apróbase a moción sobre o aumento do financiamento municipal do programa de “Autoxestión” con 18 votos a favor e 1 abstención.

2.6.- Moción de Zerihum Luis Feijoo, Conselleiro polo sector usuarios/as, representante do alumnado, a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a colocación dun paso de peóns semafórico no entorno do CPR Martín Codax.



ANTECEDENTES:

O colexio Martin Códax atópase na estrada principal que une a cidade de Vigo co seu aeroporto, a carreteira nacional N-556. O centro educativo esta situado a poucos metros do aeroporto, dunha estación de inspección de vehículos e do recinto feiral da cidade (IFEVI). Ademais, na N-556 atópase a saída da autoestrada e da nacional que leva ao Concello de Redondela, ao Concello de Mos e tamén a un importante parque empresarial. Por todo isto, o tránsito de coches, camións, autobuses... é moi denso durante todo o día, en especial ás horas que coinciden coa entrada(9:00h) e saída (14:30h) do colexio.

Neste punto quilométrico da estrada N-556 non temos ningún paso de peóns que permita aos alumnos e alumnas cruzar a estrada con seguridade. Xa se teñen producido accidentes por colisións de vehículos por ter que reducir a velocidade excesivamente ante a aparición de algún rapaz que intenta cruzar correndo dunha esquina a outra da beirarrúa. O semáforo mais próximo atópase a 300m pero non cumpre as normas de seguridade xa que obriga a cruzar outra estrada nacional, a que vai para Redondela.


Nesta mesma estrada, o CPR Alborada conta cun paso de peóns, que lles asegura tranquilidade a hora de que cruce o alumnado.

TEXTO:

Polo exposto, proponse:

- Que a administración competente sitúe un paso de peóns semafórico enfronte do CPR Martín Códax que aumente a seguridade do alumnado de este e tranquilice ás familias.

ANEXO I**SITUACION DO CENTRO:**



Apróbase por unanimidade a moción sobre a colocación dun paso de peóns semafórico no entorno do CPR Martín Códax.

2.7.- Moción de Joel Covelo Gallego, Conselleiro polo sector usuarios/as, representante do alumnado, a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a conexión á rede de saneamento do IES Carlos Casares.

ANTECEDENTES:

Dende a inauguración do IES CARLOS CASARES, fai mais de 30 anos, o centro segue tendo unha fosa séptica, o que non é nada saudable e máis nesta situación de COVID que vivimos actualmente, na que non sabemos se isto pode chegar a prexudicar en algo. Xa hai varios anos que a dirección do centro pide ás administracións competentes que tomen medidas sobre este asunto, pedindo que se nos conecte a rede de saneamento do Concello de Vigo. As respostas de ambas administracións sempre son que a responsabilidade é da outra. Ningunha das dúas administracións quere asumir o orzamento. O Concello argumenta que é a Xunta a que debe pagar polo enganche ao saneamento, e a Xunta di que é o Concello o responsable de dotar de fornecementos aos edificios no territorio do concello. E así, con frecuencia, as tubaxes atáscanse e os cheiros no edificio chegan a ser, en certos momentos insoportables.

TEXTO:

Por todo o exposto anteriormente, solicitamos unha vez máis que ambas administracións cheguen a un acordo para conectarnos ao saneamento e o IES Carlos Casares goce dunha salubridade da que agora carece.

Acordo

Apróbase por unanimidade a moción sobre a conexión á rede de saneamento do IES Carlos Casares.

2.8.- Moción de Bertila Fernández Pérez, Conselleira polo sector usuarios/as, representante da Foanpa, a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre a necesidade de garantir unha atención educativa na casa de calidade.

ANTECEDENTES:

O pasado mes de marzo do 2020 as nosas vidas deron un xiro e mudaron para sempre. Tivemos que darlle a benvinda á COVID-19 e, no eido educativo non foi menos. Logo do parón do confinamento, en setembro retomouse a actividade educativa, pero fíxose con moitas dúbidas e preocupacións.

Había alumnado que non podía incorporarse polo risco que supoñía para a súa saúde e, logo, había que ter en conta os posibles confinamentos de alumnado, docentes e aulas. As metodoloxías foron mudando segundo se producían os contaxios e os confinamentos e



foron xurdindo as eivas.

É preciso que a Administración articule un plan completo que garanta que o alumnado reciba na súa casa un ensino de calidade e equitativo co alumnado que si asiste presencialmente. Para iso, o alumnado precisa medios, pero tamén os precisa o profesorado.

Ademais, para que os/as docentes poidan atender a todo o alumnado sen distinción teñen que ter unha formación que debe garantir a Administración e dispoñer do tempo suficiente para facer fronte ás clases presenciais e ás clases virtuais.

TEXTO:

Polo exposto, FOANPAS, solicítalle á Consellaría de Educación que garanta unha atención educativa na casa de calidade, facilitando os medios tanto ao profesorado como ao alumnado, así como a formación precisa e os tempos necesarios para utilizar as ferramentas dispoñibles para iso.

Antonio Estévez explica que a atención domiciliaria, por moito que se queira non pode ser igual á atención no centro educativo. Di que antes había 2 ou 3 profesores para a atención domiciliaria e que co tema do Covid se aumentou a 10 mestres mais 2 na aula hospitalaria do Hospital Álvaro Cunqueiro. Creouse ademais o equipo de atención virtual ao alumnado (AVA), que atende ao alumnado que sigue a súa formación desde casa, con 2 profesores da ESO e 1 de Ed. Primaria. Neste momento estase a dotar a atención domiciliaria de moitos máis recursos, pero o certo é que nunca se vai a conseguir o mesmo grado de atención que cando se acude ao centro. Parécelle ben que se dediquen recursos, que se forme ao profesorado, pero non con iso se vai conseguir o mesmo nivel de atención, o que se vai facer é minimizar os efectos do seu confinamento. Por outro lado, quere comunicar que as últimas instrucións que se deron desde a Consellería foi que o alumnado que está confinado no seu domicilio non estea atendido única e exclusivamente por un docente que pasa pola súa casa dous días a semana unha serie de horas, e que o único que fai é ser intermediario para trasladar tarefas do centro a casa. Agora o que se pide é que ese alumno sexa atendido polo seu propio profesorado, xa que agora existen medios de comunicación TIC, e isto pode permitir unha mellor comunicación entre o alumno que está no domicilio e os seus propios docentes. Pensa que é mellor que o alumno poida recibir clases virtuais no seu domicilio dos seus propios mestres, que aumentar as prazas de mestres de atención domiciliaria. En canto aos medios técnicos, Antonio Estévez explica que a principios de curso e fixo unha valoración a través dos centros dos problemas de conexión que puidera ter o alumnado, para en caso de confinamento sufrir o menos dano posible. Logo facilitouse formación para todos aqueles docentes que non tiñan as competencias oportunas, e estívose en contacto directo cos centros para estas cuestións. M^a Aurora Alonso di que no que respecta aos IES o



procedemento da administración foi o correcto, primeiro solicitouse o censo dos profesores que precisaban formación en ferramentas TIC, fixéronse cursos, facilitáronse medios a tódolos alumnos que non os tiñan,... Comenta que cada profesor agora ten que dotar de contidos a súa aula virtual, e que os directores teñen que emitir informes sobre o funcionamento destas. E máis, os inspectores teñen acceso ás aulas virtuais para comprobar que uso se está facendo destas. Di que está funcionando moi ben, e que ademais hai máis profesores de apoio que outros anos, que en definitiva a Administración está facendo ben o seu traballo. Pilar Álvarez di que nos centros de Ed. Primaria o procedemento foi o mesmo, que os chaman continuamente para comprobar que todo funcione, houbo formación aos mestres, déronse ferramentas ao alumnado,... E en canto ao ensino virtual di que non só o fan os titores, explica que tódolos mestres especialistas, PTs, ALs,..., todos están dando atención virtual cando se require.

Santiago Rodríguez recalca que na moción o que se está pedindo é que se “garanta unha atención educativa na casa de calidade”, o cal non quere dicir que non se estea dotando de máis ou menos recursos, nin di que non se faciliten os medios. Destaca sobre todo o tema dos tempos, a moción pide que se facilite “a formación precisa e os tempos necesarios para utilizar as ferramentas dispoñibles para iso”, e as profesoras e profesores son só unha persoa por cabeza e cada vez cárganse con máis traballo e o tempo non chega. Explica que xa este ano co tema do Covid o aumento de traballo foi exponencial, e eles non poden desdobrase. Di que o que están comentando as dúas directoras presentes, pode ser certo, pero iso non quita que non deba garantirse unha atención de calidade na casa, que é o que en definitiva se pide na moción, que é moi xenérica. Aurora di que tanto o traballo dos profesores coma o dos directores e inspección facendo as tarefas de control, xa garante que se estea facendo unha atención domiciliar de calidade. Santiago dille que non o dubida, pero cando Foanpas fai esta moción é porque seguro que lles chegaron queixas concretas polo contrario, que veñen a motivar esta moción. Antonio Vázquez incide en que o único que se está pedindo é que se “garanta unha educación na casa de calidade”, non se pide nada máis nin se pon en dúbida o que se está facendo. Só son as familias pedindo que se garanta o servizo, e este é o espírito da moción. Iria Salvande, Presidenta de Foanpas, explica que efectivamente esta petición fana porque é unha realidade que existe, e que coa Covid aumentou. Di que é unha moción xenérica cun carácter suave, e que o sentido é ese, que se garanta a atención domiciliar de calidade. Di que reciben chamadas de familias que teñen problemas cos seus fillos e fillas, e é unha realidade que existe. Aurora di que no 2020 a Covid lles colleu a todos por sorpresa e as aulas virtuais funcionaron daquela maneira pero que, xa neste curso, o sistema está perfectamente implantado. Foi planificado por parte da Xunta de xeito moi bo, e pensa que se hai unha ANPA que ten un problema concreto, o que deben é polo en coñecemento da dirección para que o poñan en coñecemento das autoridades. Di que o que non se pode é xeneralizar, xa que se está facendo un moi bo traballo. Iria explica que non é cuestión dunha soa ANPA, senón que é un problema que lles chega desde diferentes centros, é un problema que existe e se non fose así eles non terían unha comisión creada para este tema. Aurora insiste en que existen



mecanismos para que todo funcione correctamente, e se non se está usando correctamente é porque algo neses centros non funciona. Di que ela como directora, cando lle chega unha familia cun problema o pon en coñecemento das autoridades e se trata de solventar da mellor maneira. Iria insiste en que non é un centro nin unha situación soa, e di que o único que fai a moción é ser garantista e non entende como se pode estar en desacordo con que se garanta un dereito. Antonio Estévez di que el sempre vota a favor de tódalas mocións nas que se piden máis recursos, pero se se está pedindo que se garanta a calidade educativa, neste caso se deixa entrever que non se garante na actualidade. E por isto non pode estar de acordo con esta moción porque, precisamente este ano, houbo un esforzo tremendo para garantir a calidade da atención nos domicilios, e se estudou todo pensando no peor dos escenarios, o confinamento total. En tódolos centros se actualizaron equipos, se deu formación, se dotou de equipamentos ao alumnado,... Di que a Covid trouxo cousas moi malas, pero tamén algunhas boas como todo o que supuxo a adaptación a esta situación. Déuselle un enfoque distinto á atención domiciliaria, a atención que poida dar un docente que vai polos domicilios unhas horas a semana non é comparable coa atención que se lle pode dar a ese alumno de xeito virtual por parte dos seus propios docentes, e aínda así se creou un equipo especializado para a atención virtual ao alumnado. Se a intención é outra, habería que redactala doutra maneira, pero el desde logo tal e como está non pode votar a favor. Antonio Vázquez di que esta moción non debe tomarse como algo incisivo nin como unha ataque a administración, só recolle o sentir duns pais que consideran que se debe garantir a calidade da atención educativa na casa. Antonio Estévez di que non o toma así, pero a realidade é a que é, e este ano se fixo un esforzo moi importante que garante a calidade educativa no domicilio; a formación do profesorado, as ferramentas virtuais,... Tal é como está formulada a moción estase pedindo algo que xustamente este ano se mellorou. Antonio Vázquez contesta que unha administración cun mínimo de cintura política, ante unha moción coma esta o que ten que facer é dicir que se vai facer unha avaliación do que se fixo e que se comprometen a garantir isto, di que non lle ve máis problema. Para el é a típica moción que se debe aprobar por unanimidade, xa que só pide que se garanta a calidade do ensino domiciliario, e isto interésalle a tódalas partes. Yolanda suxire que se cambie o texto e se diga “que se siga garantindo” en vez de que se “garanta”, para que cando pase a Covid se sigan mantendo todos os recursos. Santiago recalca que o feito de solicitar que se garanta unha educación na casa de calidade non quita que non estea garantida xa, non nega a calidade pero procura chegar a ese obxectivo final. En cambio poñer “que se siga garantindo” sitúase no outro extremo, e dá un paso máis alá dicindo que xa se está garantindo e entón non tería sentido a moción, solicitando algo que está plenamente garantido. Antonio Estévez di que como membro do Consello o que se debe pedir e que se fagan cousas que non se fan ou que se fan mal, que se melloren, pero non ten sentido pedir que se faga ben algo que xa se está facendo ben. Pilar Álvarez pensa que habería que reformular a moción xa que hoxe por hoxe as cousas se están facendo ben. O secretario comenta que chegado este punto a Comisión Pedagóxica debe decidir se se quere facer unha reformulación ou senón votar o texto tal cal está. Non solicitando cambios na



redacción, procédese á votación.

Acordo

Apróbase a moción sobre a necesidade de garantir unha atención educativa na casa de calidade con 12 votos a favor, 5 votos en contra e 2 abstención.

Sendo as 20:10 Isabel López abandona a xuntanza.

2.9.- Moción de Zerihum Luis Feijoo, Conselleiro polo sector usuarios/as, representante do alumnado, a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre a situación do programa municipal de inmersión lingüística “Vigo en Inglés”.

ANTECEDENTES:

Debido á situación de pandemia causada polo virus do covid-19 que sufrimos no curso pasado, e aínda estamos pasando, o ano pasado non se puido realizar o programa VIGO EN INGLES, e prevese que este ano tampouco se leve a cabo. Como actividade de aprendizaxe dunha lingua e de convivencia con outra cultura, cremos que é necesario que os mozos e mozas que queiran ir non perdan esta oportunidade.

Ademais, hai que ter en conta que a situación actual de Reino Unido cambiou desde a súa saída da Unión Europea, polo que dificulta a entrada de persoas estranxeiras no seu país incluídos os cidadáns de países membros da UE, máis aínda unha situación de pandemia.

TEXTO:

Polo exposto, proponse:

- Que se garden as prazas dos dous cursos escolares e que se dea a posibilidade de ir ás persoas que non puideron gozar da experiencia, e así poidan aproveitar esta actividade o maior número de mozos e mozas e Vigo.
- Que se valore a posibilidade de cambiar o país de destino desta actividade, se isto favorece os desprazamentos, e facela nalgún país de fala inglesa dentro da Unión Europea.

O Secretario comenta que a edición de 2020 non se puido desenvolver, e que agora se estaba barallando a posibilidade de este ano levar ás dúas promocións, a do ano pasado e a deste. Pero a verdade é que aínda non teñen nada pechado xa que hai aínda moita incerteza con respecto ao que pode pasar coa pandemia. O que si é certo é que hai o firme propósito



de que todo o alumnado participe do programa, e se este ano non se puidera, facer que as tres promocións vaian no 2022.

Santiago pregunta a que países se refiren no segundo parágrafo e Zerihum responde que principalmente a Malta.

Acordo

Apróbase por unanimidade a moción sobre a situación do programa municipal de inmersión lingüística “Vigo en Inglés”.

2.10.- Moción de Egoitz Rivas Ibarretxe, Conselleiro polo sector usuarios/as, representante do alumnado, a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre as actividades de ocio, deporte e culturais na cidade para a mocidade.

ANTECEDENTES:

Nos últimos anos, a mocidade percibimos que apenas se nos ofrecen actividades de ocio, deporte e culturais na cidade, ou que as actividades que se nos ofrecen no se adecúan aos nosos gustos e intereses, que non se teñen en conta a hora de programar ditas actividades. En canto ás actividades que xa se programan, notamos como un gran sector da mocidade descoñece a súa existencia, probablemente porque desde as administracións non utilizan os canais de difusión axeitados.

TEXTO:

Polo exposto anteriormente, propoñemos que se creen canais de comunicación entre a Administración e a mocidade coa seguinte finalidade:

- Que se modifiquen as canles de difusión actuais das actividades, e se usen aos centros educativos como intermediarios para informar das actividades ofrecidas á mocidade.
- Que se cree algunha plataforma ou app pensada para a mocidade na que as diferentes Concellarías (Educación, Cultura, Deportes, Medio Ambiente, Igualdade, Normalización Lingüística, Turismo, Mocidade, Festas) suban a súa programación e así coñezamos toda a oferta de actividades da cidade.
- Que se ofrezan un maior número de actividades relacionadas co ocio, cultura e deporte para a mocidade.
- Que se envíen enquisas ao alumnado a través dos centros educativos para ter os seus intereses e gustos en conta á hora de ofrecer actividades dedicadas á mocidade.

Zerihum comenta que na última reunión que tiveron decidiron que querían propor unha xuntanza de tódolos delegados de aula dos centros de secundaria de Vigo, de 3º da ESO en



diante, e co tempo chegar a formar un Consello da Xuventude onde os mozos teñan voz nas políticas da cidade. Antonio Estévez comenta que lle parece complexo facer unha convocatoria tan ampla e dille que o máis coherente é convocar ao delegado de centro que ten que elixir a xunta de delegados en cada centro obrigatoriamente. Egoitz comenta que lle consta que hai centros que non teñen un delegado de centro e Santiago responde que a lexislación establece que debe convocarse á xunta de delegados e que estes deben ter ao seu representante electo. Os alumnos comentan que na realidade isto non sucede, que a eles nunca os convocaron para tal fin, pero que o consultarán cos seus centros. Antonio Vázquez comenta que sería interesante que se creara unha Comisión na que se incluíran a representantes da xunta de delegados de tódolos centros de Vigo. Santiago propónlles que creen unha comisión de xuventude dentro do propio CEMV e a partir de aí solicitar representación de tódolos centros. O Secretario comenta que tamén se convidou a unha xuntanza a aquel alumnado que se presentou ao proceso selectivo, pero que non saíu elixido representante do CEMV.

Acordo

Apróbase por unanimidade a moción sobre as actividades de ocio, deporte e culturais na cidade para a mocidade.

2.11.- Moción de Antonia Céspedes Balongo, Conselleira polo sector social, representante dos centros de ensinanzas artísticas, a través da Comisión de Equipamentos e de Planificación Educativa sobre a vacinación do persoal docente e administrativo dos centros de ensino artístico municipal de ensinanza non regrada.

ANTECEDENTES:

Desde o inicio do presente curso, o persoal das escolas de ensinanza artísticas non regradas municipais, fixeron esforzos para adaptarse aos protocolos marcados para facer fronte á Covid 19.

Actualmente, estase realizando o proceso de vacinación, para o cal se estableceron sectores prioritarios segundo vulnerabilidade e risco de contaxio. Porén, a ensinanzas artísticas de titularidade municipal non regrada, non está contemplada, en canto a vacinación, no mesmo nivel que o ensino regrado, cando a realidade do traballo de e semellante aos centros regrados. Isto non se entende se temos en conta que somos un sector da poboación que ten contacto con moitos usuarios de grupos heteroxéneos, que normalmente non forman grupos burbulla. Moito do noso alumnado espállase polos centros educativos de toda a cidade.

Consultouse co Servizo do plan galego de vacinación e comunicáronnos que por agora non estaba contemplada a vacinación do noso sector de ensinanza non regrada.

TEXTO:

26



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/06/2021 11:32

Páxina 26 de 28

Expediente 24898/332

CSV: 2DE6DB-5E83B4-C348E6-6FGLM6-DSS72R-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Polo exposto, solicítase Xunta de Galicia que se inclúa ao persoal docente e administrativo dos centros de ensino artístico municipais non regrados, no proceso actual de vacinación contra a COVID 19. O que tamén lle comunicamos ao Concello de Vigo aos efectos oportunos.

Antonia explica que entre tódalas escolas contan con máis de 2000 alumnos de diferentes idades, e que os que están en idade escolar proceden de diferentes centros, e que se mezclan nestas escolas, rompendo os grupos burbulla dos centros educativos. Isto fai ademais que os docentes estean moi expostos. Antonio Estévez comenta que xa o dixo antes o Presidente, que a Consellería competente en establecer o calendario de vacinación é a de Sanidade. Antonia di que o entende, pero non por iso queren deixar de expor a problemática que teñen. O secretario comenta que o que se fará en caso de que se aprobe será remitila a sanidade. Iria Salvande aproveita para dicir que nos comedores escolares están tendo tamén un problema con isto, xa que o mesmo pasa coas monitoras que atenden ao alumnado dos comedores xestionados por Foanpas. Están ofertando un servizo que tería que xestionar a Xunta, onde as monitoras están con rapaces de diferentes grupos burbullas e no único momento do día no que o alumnado se quita a máscara, que é para comer. Di que lles parece un sinsentido que non se vacine a este persoal e si se vacine ao conserxe ou ao persoal de limpeza, que tamén están no seu dereito, e sorprendentemente na privada si vacinan aos cociñeiros e monitoras do comedor. Pedro Xosé Castañón comenta que desde a Xunta están creando dous grupos, os amparados e os desamparados. Di que unha administración pública nunca debe establecer dúas categorías entre centros públicos e que o están facendo. Antonia di que ela está en representación dos centros de ensino non regrado do Concello, pero que por suposto esta moción é trasladable a tódalas ensinanzas non regradas e a todo o persoal que estea en contacto con alumnado, que hai que telos en conta a todos. Di que ela chamou ao servizo do plan galego de vacinación para preguntar e que lle comunicaron que por agora non estaba contemplada a vacinación á formación non regrada. Di que por exemplo a Escola Municipal de Música ten un programa moi similar ao do Conservatorio Profesional, e os mestres deste están vacinados e os da Escola non. Está claro que é difícil ter en conta a toda a poboación, pero eles dan un servizo igual que o da formación regrada.

Acordo

Apróbase a moción sobre a vacinación do persoal docente e administrativo dos centros de ensino artístico municipal de ensino non regrado con 17 votos a favor e 1 abstención.

5.- Preguntas e suxestións.

Antonio Vázquez comenta que na Permanente se falou da conveniencia de establecer un calendario definido para a celebración das xuntanzas durante o trimestre, así os membros poden organizarse. Así pois, informa de que as datas propostas para o último trimestre do curso son:



- Comisi3ns de traballo: 14 de abril; 28 de abril e 12 de maio.
- Comisi3n Permanente: 26 de maio.
- Pleno: 09 de xu3no

Di que o cronograma 3 flexible e que se pode adaptar ante calquera cousa que poida xurdir.

Sen m3is asuntos que tratar remata a sesi3n 3s 20:31h.

O SECRETARIO DO CEMV

Vº e Pr

O PRESIDENTE DO CEMV

Pedro V3zquez Iglesias

Gorka G3mez D3az

	Copia do documento - Concello de Vigo		Data impresión: 14/06/2021 11:32	Páxina 28 de 28
	Expediente 24898/332		CSV: 2DE6DB-5E83B4-C348E6-6FGLM6-DSS72R-EH	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv			